



© Gabriel Tizón

» EXPOSICIÓN

Mércores, 12 de xuño

Sala de Artesado e Capela do Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela

20:00h. Inauguración. **Exposición PERSOAS de Patricia Muñiz e Gabriel Tizón.**

Unha exposición que conxuga fotografía e investigación para afondar nas consecuencias dos movementos migratorios e as crises humanitarias que se desencadean debido a conflitos bélicos, catástrofes naturais e cambio climático. Esta exposición permanecerá aberta desde o 12 de xuño ata o 13 de xullo de 2019.

» CICLO DE CONFERENCIAS E COLOQUIOS

Xoves, 13 de xuño

Salón Nobre do Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela

19:00h. Mesa redonda. **Encontro.**

Suelma Beiruk. Presidenta do Grupo Parlamentario Saha-raui no Parlamento Africano.

Fadile Tibisay. Encargada de SAWT, asociación sirio-galega en pro das persoas refuxiadas sirias en Galicia.

Katherin A. Belgrave. Solicitante de asilo procedente de Venezuela.

Moderar: **María del Mar Lorenzo Moledo,** Vicerreitora de Comunicación, Cultura e Servizos da USC.

Esta mesa redonda acolle a participación dunha serie de mulleres que, a través da súa experiencia directa ou de apoio a outras, amosarán a situación da muller solicitante de asilo e refuxiada, dando visibilidade á súa problemática específica e explorando horizontes de cooperación para a súa integración na sociedade de acollida.

Martes, 18 de xuño

Salón Nobre do Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela

19:00h. Conferencia. **Xeopolítica e refuxiados ambientais: un encontro cara ao desastre.**

José Julio Fernández Rodríguez. Director do Centro de Estudos de Seguridade (CESEG) da Universidade de Santiago de Compostela.

19:45h. Conferencia. **Intervencións sanitarias en rescates de misións humanitarias en Frontex.**

(Axencia Europea de Fronteira e Costas)

Miguel Ángel Iglesias Blanco. Capitán enfermeiro da Garda Civil e Xefe do Servizo de Asistencia Sanitaria da Comandancia de Lugo.

Venres, 21 de xuño

Sala de Artesado do Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela

19:00h. Conferencia. **Haití, terra de loita e vulnerabilidade.**

Ana Isabel Martín. Arquitecta especialista en cooperación internacional, colaboradora en diferentes ONGs, coma Cruz Vermella e Arquitectura sen Fronteiras.

Michael Sainvil. Experto en Relacións Internacionais e cooperante na reconstrución de Haití.

19:45h. Conferencia. **El Sueño Europeo.**

Jaime Alekos. Periodista independente, especializado en dereitos humanos e realizador do documental **El Sueño Europeo: Serbia.**

20:30h. Mesa redonda. **Desde a realidade.**

Coa participación engadida de **Patricia Muñiz,** doutora arquitecta especialista en vivendas para refuxiados e desprazados internos, e **Gabriel Tizón,** fotógrafo con máis de 20 anos de experiencia reflexando as realidades máis próximas do ser humano.

» TALLER

Xoves, 20 de xuño

Sala de Artesoado e Capela do Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela

11:30 h. Taller de fotografía e empatía. **Entre Nós**

Coordinado polo fotógrafo Gabriel Tizón e dirixido a alumnado de educación secundaria.

» CICLO CINEMATográfico

SALA NUMAX // *Concepción Arenal, 9 baixo. 15702 Santiago de Compostela.*

Entrada gratuíta. Reserva previa na páxina **www.numax.org**

Venres, 14 de xuño. 20:00h.

ZUK

Unax Blanco, Asier García Matías. España // 2017 // 81' // VOSE

Sinopse: Documental que amosa catro historias que se van entrelazando en diferentes escenarios, de voluntarios de asociacións vascas que traballan para aliviar o sufrimento de persoas refuxiadas. ZUK pon o acento na situación de mulleres e menores non acompañados que viven en campos de refuxiados e tamén na concienciación e sensibilización á sociedade sobre a posibilidade de colaborar desde calquera contexto e lugar.

Mércores, 19 de xuño. 19:45h.

UNHA TEMPADA EN FRANCIA

Mahamat-Saleh Haroun. Chad, Francia // 2017 // 101' // VOSE

Sinopse: Abbas é profesor de francés. Fuxiu da guerra na República Centrafricana para comezar unha vida nova en Francia. Entre que lle conceden o estatuto de refuxiado, a súa vida cotiá vaise definindo: os seus fillos comezan a escola e el traballa no mercado. Nel coñece a Carole, con quen compartirá parte da súa vida. Mais se a demanda de asilo fose rexeitada, que será de Abbas e dos seus fillos? E de Carole e o fogar que reconstruíu canda eles?

SONG FOR THE JUNGLE

Jean-Gabriel Périot. Francia // 2018 // 15' // sen diálogos

Sinopse: Calais, unhas semanas antes de ser desmontado: a Xungla é un espazo no que milleiros de inmigrantes viven á espera de chegar a Inglaterra ou de que alguén os atenda. Deambulan por este lugar abandonado coa esperanza de sobrevivir á nosa indiferenza.

Xoves, 20 de xuño. 19:45h.

O OUTRO LADO DA ESPERANZA

Aki Kaurismäki. Finlandia // 2017 // 98' // VOSG

Sinopse: Helsinki. Dous destinos crúzanse. Wikhström, de cincuenta anos, decide mudar a súa vida e abrir un restaurante. Khaled é un mozo refuxiado sirio, que chega á capital por accidente. A súa solicitude de asilo é rexeitada pero decide ficar de todos modos. Unha tarde, Wikhström atópao na porta do seu restaurante e, emocionado, decide ofrecerlle a súa axuda.

BORDERS

Damjan Kozole. Slovenia // 2016 // 10' // sen diálogos

Sinopse: 24 de outubro de 2015. Unha fermosa paisaxe dun fermoso día de outono. Un grupo de persoas refuxiadas e migrantes, escoltadas por soldados e policíaas atravesan a fronteira Schengen entre Eslovenia e Croacia cara ao campo de refuxiados de Brezice. De súpeto a paisaxe xa parece menos fermosa.


CONSORCIO UNINTEGRA

INSTITUCIÓN COORDINADORA



» www.usc.gal

SOCIOS



» en.uoa.gr



» www.uminho.pt



» www.fundacioacsar.org



» www.uvic.cat/fundacio-universitaria-balmes



» santiagodecompostela.gal